

PREGUNTA DE AER SOBRE O PATROCINEO DO FESTIVAL “SINSAL SON ESTRELLA GALICIA” POLO CONCELLO DE REDONDELA. (Rex. Entrada 24.07.2018, 2018-E-RC-9814).

PLENO 26 XULLO 2018. ACTA 09/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

“Sobre o patrocineo do festival “Sinsal Son Estrella Galicia” polo Concello de Redondela.

Na programación cultural do verán 2010 aparece anunciado ao festival Sinsal para os días 26-29 de xullo. Nesta información indícase que o evento é organizado pola empresa promotora musical Sinsalaudio. Tamén se indica que o Concello de Redondela patrocina este evento.

Así pois, PREGUNTAMOS:

En que consiste o patrocíneo do Concello de Redondela ao festival Sinsal Son Estrella Galicia 2018?”

Resposta Sra. París: é unha cita anual que se fai en Redondela e ten gran importancia. Un festival que traballa en prol de valores e son punta de lanza. Nós facemos un patrocinio en base ó retorno publicitario e financiamento de case 8.000 euros. Profesionais que veñen uns 5 días facendo posible que o festival saia adiante.